Glosario: En acción para o galego!

A

Acento - gráfico

Definición:

É a marca escrita que se coloca sobre as vogais para indicar que esa sílaba se pronuncia con maior intensidade.

Exemplo:

Pelota non leva acento gráfico, mais balón, si.

Administración

Definición:

Son os organismos e persoas que se encargan dos asuntos públicos.

Exemplo:

Fun a administración solicitar uns permisos.

Animación

Definición:

É a creación audiovisual onde obxectos inanimados se moven creando unha historia.

Exemplo:

Estamos creando unha animación con bonecos feitos con plastilina.

Avaliación



Definición:

Revisión do que se fixo para saber ata que punto se alcanzaron os obxectivos marcados previamente e en que aspectos se pode mellorar.

Exemplo:

Despois da avaliación do traballo, tivemos que mellorar dous apartados.

C

Canle

Definición

É o medio a través do cal se transmite a mensaxe. Pode ser oral, escrita, xestual ou visual.

Exemplo:

O teléfono fixo é unha canle de comunicación que descendeu o seu uso nos últimos anos.

Construtiva

Definición:

Aportar ideas respectuosas co propósito de mellorar.

Exemplo:

Fixen unha crítica construtiva sobre o libro que rematei onte.

D

Dialecto

Definición:

Sistema lingüístico derivado doutro, cunha limitación xeográfica e un vocabulario, gramática e pronunciación concretos.

Exemplo:

A xente fala un dialecto ou outro dependendo de onde sexa.

E

Edición

Definición:

Mellora dunha creación con medios dixitais.

Exemplo:

A animación estaba ben, pero editámolo para engadir algo de música.

Escena

Definición

Parte na que se divide a representación, pode coincidir cun cambio de escenario ou coa aparición de outros personaxes.

Exemplo.

Na primeira escena só aparecía o protagonista cantando.

F

Fotograma

efinición:

Imaxe coa que se forma unha película.

Exemplo:

Para gravar o vídeo de lingua galega fixeron falta máis de cen fotogramas.

G

Galego

Definición:

É o idioma que empregamos para comunicarnos con outras persoas.

Exemplo.

A miña lingua é o galego.

Guión

Definición:

Pequeno texto onde se organizan as ideas principais.

Exemplo:

Fixen un guión con todo o que quería poñer antes de comezar a redacción.

H

Homoxeneizar

Definición:

Semellar ser o mesmo.

Exemplo:

Sempre visto camisetas moi homoxéneas.

I

Identidade

Definición:

É a cultura e tradicións dun pobo, tamén inclúe o idioma.

Exemplo:

O traxe tradicional galego forma parte da identidade de Galicia.

L

Lingua oficial

Definición:

Lingua que a administración emprega nas súas comunicacións formais, así como nas institucións públicas.

Exemplo:

A lingua oficial do Estado español é o castelán, así como o galego, o catalán e o éuscaro.

Lingua maioritaria

Definición:

É aquela lingua que ten un número máis alto de falantes dentro dun territorio ou comunidade en comparación con outras linguas.

Exemplo:

Desde hai uns anos o castelán é a lingua maioritaria en Galicia.

Lingua minoritaria



Definición:

É a lingua falada por un grupo relativamente pequeno de persoas dentro dun territorio onde predomina o uso doutra lingua (a maioritaria). Adoita ter menos presenza na educación, nos medios de comunicación, na administración pública e na vida cultural.

Exemplo:

O galego, a pesar de ser unha lingua oficial, é unha lingua minoritaria en Galicia.

M

Mensaxe

Definición:

É a información que se transmite dun emisor a un receptor mediante unha canle.

Exemplo:

Non entendín a mensaxe da mestra porque había moito ruído na aula.

O

Obxectiva

Definición:

Valorar de xeito xusto, que non dependa de opinións persoais.

Exemplo:

Fixen unha valoración obxectiva do traballo.

P

Personaxe

Definición:

Persoa ou ser animado que forma parte dunha historia.

Exemplo:

Na obra de teatro había moi poucos personaxes.

Pictograma

Definición:

Signo en forma de debuxo sinxelo que representa o que se quere comunicar.

Exemplo:

Utilizou tres pictogramas para pedir unha pelota para xogar ao baloncesto.

Preservar

Definición

Facer porque algo ou alguén non sufra danos.

Exemplo.

Imos intentar preservar o noso idioma.

Protagonista

Definición:

Personaxe principal, ao que lle ocorre a historia.

Exemplo:

Carapuchiña vermella é a protagonista do conto.

	Proxecto	**Definición:** Traballo ou actividade que facemos para aprender sobre algo ou crear algo novo. Ten un obxectivo e require planificar os pasos a seguir para conseguilo. **Exemplo:** Hoxe quedamos para planificar o proxecto de ciencias sobre os animais mariños.
S	Sílaba tónica 	**Definición:** É a sílaba que soa máis forte nunha palabra. As outras sílabas con átonas. **Exemplo**: A sílaba tónica de "pelota" é "lo".
	Situación	**Definición:** É o acto de comunicación no que interveñen varios elementos: emisor, receptor, canle, mensaxe e código, nun contexto. **Exemplo:** Despois de moito tempo sen falar coa miña mellor amiga, na clase de hoxe houbo unha situación comunicativa.
	Stop Motion	**Definición:** É unha técnica de animación que simula o movemento con multitude de fotogramas continuados. **Exemplo:** Fixen unha curta empregando a técnica de stop motion.
	Stop Motion Studio	**Definición:** Aplicación desenvolvida para editar películas coa unión de fotogramas na liña do tempo. **Exemplo:** A nosa historia ímola montar coa aplicación Stop Motion Studio.

	Storyboard	**Definición**: É unha ferramenta visual que se utiliza para planificar e organizar unha historia. **Exemplo**: Fixo un storyboard para saber cantas escenas iba ter a historia.
T	Texto informativo	**Definición:** Aporta información sobre un tema ou acontecemento. Ademais, describe situacións reais. Poden ser noticias, folletos informativos, biografías, receitas de cociña ou manuais de instrucións. **Exemplo:** Grazas ao texto informativo do manual de instrucións puiden rematar de montar o xogo.
	Texto narrativo	**Definición:** É unha historia, que pode ser real ou ficticia e que suceden un tempo e espazo determinados. Poden ser contos, microrrelatos, diario, lendas, mitos ou novelas. **Exemplo:** A tarefa da escola consistía en realizar un texto informativo no que a personaxe principal fose unha meiga.
	Tormenta de ideas	**Definición**: É unha ferramenta de traballo en grupo na que se expoñen todo tipo de ideas para despois escoller as máis axeitadas. **Exemplo**: A mestra deunos o título do tema e propuxo que fixeramos unha tormenta de ideas sobre o que íamos aprender.
V	Viñeta	**Definición:** Debuxo que forma parte dun conxunto, que contan unha historia. **Exemplo:** Na miña historia hai sete viñetas.

X

Xesto

Definición:

Movemento que se empregar para expresar algo.

Exemplo:

Cando ía dícir a resposta a mestra fíxome un xesto para que calara.

"Glosario: En acción para o galego!", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0